

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MÉRCORES, 17 DE XUÑO DE 2026**PRESIDENCIA****PARLAMENTO**

10,00 h.- O titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, responderá no Pleno as preguntas dos grupos parlamentarios.

BERGONDO (A Coruña)

12,15 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, participará na sinatura do convenio de colaboración entre o Goberno galego e a Fundación Adolfo Domínguez para o desenvolvemento do Proxecto de Recuperación do Cultivo do Liño en Galicia.

VIGO

19,00 h.- O titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, acompañado do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, asistirá ao acto conmemorativo do 30 aniversario do Consello Social da UVigo e a homenaxe e recoñecemento ao seu presidente, Ernesto Pedrosa.

TURISMO DE GALICIA**LUGO**

10,30 h O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, asinará o convenio para a celebración da *XXV Edición do Arde Lucus e*, a continuación, visitará a montaxe dun campamento romano.

RÁBADE (Lugo)

13,00 h O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, xunto co comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, visitarán o CEIP Otero Pedrayo no marco da celebración da 5ª edición do programa *Vexo Veo Xacobeo*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, inaugurará a xornada *A comunicación dun Xacobeo universal*, que conta co apoio da Xunta.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

CORISTANCO (A Coruña)

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará actuacións realizadas ao abeiro do Plan Camiña Rural 2025-2026.

CARNOTA (A Coruña)

12,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará no acto de solta de aves, incluído no Plan de Conservación da píllara das dunas de Galicia.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

FERROL

12,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará o Polo Creativo do IES Catabois.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

LUGO

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, fará unha visita institucional ao Concello.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

OURENSE

13,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, participará na inauguración da *Feira do Libro*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará o establecemento La Riviere Laterío, con motivo das axudas ao sector turístico para a promoción da dixitalización.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

10,30h.- A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, reunirase coa directiva da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo.

CASA DE GALICIA

MADRID

18,00h.- O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, asistirá ao acto de conmemoración do *Día Mundial das Persoas Refuxiadas* e *75º Aniversario de ACNUR*.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO

16,00 h. aprox- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, responderá no Pleno unha pregunta relacionada co Corredor Atlántico.

CIDADE DA CULTURA

20,00h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**; o conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**; e o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, asistirán á Gala Basketgal 26.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OURENSE

10,00h.- O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, asistirá ás presentacións do Campionato Galego de Parapente de Precisión e do Campionato Galego de Parapente a Distancia.

12,15h.- O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, asistirá á presentación do Campionato de España de Hóckey Herba de Seleccións Autonómicas Sub 21.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

SAN LÁZARO

13,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, asinará cadanseu convenio de colaboración cos alcaldes de Baiona, Jesús Vázquez Almuíña; O Porto do Son, Luis Oujo; e Viveiro, Mariña Gueimunde, para a execución do proxecto piloto de praias inclusivas nos seus concellos.

PARLAMENTO

16,25 h. (aprox.)- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, responderá no Pleno unha pregunta sobre a situación do sector eólico.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

CIDADE DA CULTURA

11,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, e a fiscal superior de Galicia, Carmen Eiró, asinarán un convenio de colaboración en materia de loita contra o acoso escolar. Asistirá tamén a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández.

13,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, participará no acto de entrega de premios aos mellores proxectos de investigación do programa STEMBach, o Bacharelato de Excelencia en Ciencia e Tecnoloxía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Previamente, **ás 10,00 h.**, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, inaugurará a xornada.

PARLAMENTO

16,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, responderá no Pleno dúas preguntas relacionadas coa actividade do seu departamento.

LUGO

13,00 h.- O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participarán no padroado da Fundación Rof Codina.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

PARLAMENTO

17,00 h.- (aprox.) A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, responderá no Pleno unha pregunta oral sobre cuestións relacionadas co seu departamento.

CASTRELO DE MIÑO (Ourense)

11,30 h.- O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria, Antón Acevedo, fará un percorrido polas casas do maior Juana Tovar e Castrelo de Miño.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, acudirá á presentación da declaración *Tolerancia e respecto. Fronte ao discurso de odio e a aporofobia* da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

PARLAMENTO

12,30 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, responderá no Pleno unha interpelación sobre o Sistema de Financiamento Autonómico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

17,15 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, responderá no Pleno unha pregunta sobre a política de persoal da Xunta.

CIDADE DA CULTURA

10,30 h.- O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Damián Rey, inaugurará o *Demo Day. Programa de emprendemento*.

A CORUÑA

17,15 h.- O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, José María Barreiro, participará nunha mesa redonda no marco do *III Congreso sobre Contratación Pública*.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SAN CAETANO

13,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, asinará co alcalde da Laracha, José Manuel López Varela, o convenio para o acceso deste municipio ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

PARLAMENTO

13,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno unha interpelación sobre o persoal facultativo do sistema sanitario.

17,25 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno unha pregunta sobre as consecuencias que están a ter no sistema sanitario público galego as folgas contra o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

17,35 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno unha pregunta sobre o novo centro de saúde de Moaña.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

BILBAO (Biscaia)

10,30 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na presentación da exposición *Miradas do Camiño*, de Manuel Quintana Martelo.

RIBADAVIA (Ourense)

11,00 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, e o delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo Cid, participarán na **rolda de prensa** da presentación da *42ª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na presentación do libro *Trinta anos de poesía crítica, 1936-1966*, de Xesús Alonso Montero.

13,00 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, participará na presentación da reedición do libro do VIII Festival de Música Ateneo Barroco.

A CORUÑA

17,30 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, participará no lanzamento do podcast audiovisual *Latexo experience*.

20,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na presentación do libro-disco do 40º aniversario de Luar na Lubre.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

VIGO

13,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañado polo director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández, e pola directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, participará na inauguración de Stonegal 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VILANOVA DE AROUSA (Pontevedra)

11,50 h.- A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, participa no peche da xornada *Conectar para emprender: sinerxías entre axentes do territorio*.

ABEGONDO (A Coruña)

13,00 h.- A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, participará na inauguración do obradoiro de emprego *Reserva da Biosfera: Emprego Verde V*, organizado polos municipios de Abegondo, Bergondo, Carral, Oza Cesuras, Paderne e Sada co apoio da Xunta.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**PARLAMENTO**

10,40 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, responderá no Pleno unha interpelación sobre a actividade do seu departamento.

SAN CAETANO

09,30 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, reunirse con representantes do salón de subministros, maquinaria e equipamento vitivinícola Vintec.

CONSELLERÍA DO MAR**SAN CAETANO**

13,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, presidirá a toma de posesión de Natalia Botana como nova presidenta de Portos de Galicia.

VILANOVA DE AROUSA (Pontevedra)

10,30h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, visitará o Centro de Investigacións Mariñas-CIMA.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA